

DIFERENZA DE INTERPRETACIÓNS ■ O futuro do cabo segue no limbo despois de que o PPdeG negase a blindaxe atribuída polo PSdeG, que mantén que non haberá piscifactoría. Feijóo afirma que non se prohibe a súa construción

Touriñán volve rachar o consenso político na reforma da Lei do solo

O presidente da Xunta insiste en que o Goberno avaliará os proxectos en calquera punto dentro das directivas da UE

Redacción - Santiago

Que o vaso estea medio cheo ou medio baleiro depende da percepción de quen o mire. Esta cuestión básica da filosofía máis elemental saca de estes días os parlamentarios socialistas e populares que, tras darse presa o mércores en anunciar o acordo para reformar a Lei do solo, agora evidencian que ata os consensos están sucitados a interpretación, máis se o ollo de quen mira pretende dilucidar sobre o efecto que a nova norma terá no proxecto de construír unha piscifactoría no Cabo Touriñán. O presidente da Xunta sumouse onte á discusión de forma tallante: para Feijóo, o novo texto non supón unha blindaxe deste espazo natural protexido pola Rede Natura como defende o PSdeG.

A reforma da Lei do solo será aprobada no Parlamento o vindeiro martes cos votos a favor do PPdeG e PSdeG. Tras este paso, "correspóndelle á Xunta aplicar a lei e avaliar proxectos dentro das directivas europeas. Iso é o que faremos, en Touriñán e en calquera outro caso", advertiu o máximo mandatario galego na rolda de prensa posterior ó Consello da Xunta. O presidente



O Cabo Touriñán segue a ser o punto de discordia entre os grupos

da Xunta reprochoulle ó PSdeG que extraera a súa propia "interpretación" do acordo. Pero os socialistas volvían insistir onte na mesma idea. A voceira de Medio Ambiente, Carmen Gallego, expresou a súa "certeza" de que Touriñán, quedará "a salvo" da instalación de piscifactorías.

A REACCIÓN DO BNG

Non á "amnistía encuberta"

O BNG votará non ó texto por ser unha "amnistía encuberta" para "multitude de ilegalidades feitas ó longo e ancho do país". "Os nacionalistas non participan deste tipo de argalladas", dixo Vázquez

riás. A reforma da Lei do solo introduce expresamente que a actuación industrial non poderá autorizarse cando se constate "que afecta de xeito apreciable" a hábitats ou especies prioritarias e/ou comunitarias". Estes están catalogados pola Unión Europea para garantir a súa supervivencia.

Desde o PP, o voceiro parlamentario Manuel Ruiz Rivas citou os socialistas para que "revisen" o contido do artigo modificado. Segundo Ruiz Rivas "non exclúe zonas, senón proxectos que non cumpren as esixencias das normativas ambientais". Ruiz Rivas deixou claro que a proposta de Pescanova —que xa adquirira os terreos en 2005— para situar unha piscifactoría en Touriñán "non está presentada".

coa planta de biomasa en Lourizán ENCE reforzará o seu actual asentamento na ría pontevedresa, coa solicitada para As Pontes, toma corpo tamén que o traslado da fábrica podería estar pensándose para este concello industrial coruñés. O enxeñeiro pontevedrés considerado número tres da pasteira, reconeceu que as conversas cos diferentes gobernos galegos para abordar o traslado da factoría se remontan no tempo moito anos atrás, aínda que evitou entrar en máis detalles.

Unicamente, manifestou que os contactos comezaron xa na época en que era titular da Xunta o conservador Manuel Fraga, proseguiron co socialista Emilio Pérez Touriño á fronte do bipartito e agora desenvólvese co popular Alberto Núñez Feijóo. E, en todo caso, á pregunta concreta de se ENCE e a Xunta están negociando, José Manuel Seoane deixou claro que "máis que negociar, estamos falando".



Os conselleiros Vázquez, esquerda, e Juárez plantando unha árbore

SEMANA FORESTAL ■ Juárez propón, durante a plantación dunha árbore no Pedroso, agrupar terras para que o sector achegue o 6% do PIB

Medio Rural aposta por duplicar o actual rendemento do monte

Agrupar as propiedades forestais para duplicar o seu rendemento. Esta foi a proposta lanzada onte polo conselleiro de Medio Rural, Samuel Juárez, quen expresou o seu desexo de que a achega da actividade do sector ó produto interior bruto (PIB) se duplique e pase ó 6% grazas a un correcto ordenamento e xestión. Juárez acudiu onte, acompañado do titular de Educación, Jesús Vázquez Abad, e altos cargos de Medio Rural para facer un acto simbólico no monte Pedroso —en Santiago—, dentro dos actos da Semana Forestal e en conmemoración do Día Forestal Mundial que se celebra o domingo, que consistiu na plantación de varios castiñeiros híbridos nunha zona devastada polo lume.

Neste contexto, o responsable de Medio Rural destacou a "riqueza forestal" galega e a "necesidade de fomentar o desenvolvemento sostible do monte". "Temos que conseguir que o monte deixe de estar abandonado", dixo, "ou por mantelo non aproveitar o seu labor de secuestro do carbono para que sirva como espazo para o gozo dos cidadáns". Nestes momentos proporciona máis do 3% do PIB de Galicia, "pero es-

tá chamado a proporcionar unha porcentaxe moito superior", indicou o conselleiro. "Eu diría que non é nada ambicioso falar do dobre", afirmou e argumentou que se se ordena o monte —o cal "pasa pola agrupación da propiedade forestal"— se lograrán os obxectivos. Pola súa banda, o titular de Educación subliñou a importancia da educación no respecto polo medio. Os máis pequenos, indicou, é necesario ensinarlles este tipo de valores, que teñen que formar parte do "día a día".

150 entidades esixen a certificación sostible

Máis de 150 entidades institucionais, sociais e empresariais asinaron un manifesto no que propón combater a crise económica cunha xestión sostible dos bosques, o que suporía crear emprego e contribuir ó desenvolvemento rural. O manifesto defende a importancia de crear un sector industrial baseado na produción sostible de materiais derivados dos bosques, baixo o respecto ó Sistema de Certificación Forestal (SFC nas súas siglas en inglés) nos montes galegos, segundo país da UE en superficie forestal. ■ REDAC/AIENCI

PREVISIÓNS ■ A pasteira segue firme na idea de continuar coa actividade fabril en Pontevedra

Lourizán, As Pontes e Cuntis, sedes da biomasa de ENCE

ENCE aposta de forma clara pola biomasa como fonte de negocio para o futuro. José Manuel Seoane, un dos homes fortes de Celulosas, desvelou onte que das dez plantas de biomasa que aspira a explotar a compañía tres están en Galicia; en concreto, dous nos concellos coruñeses das Pontes e Cuntis, e a terceira en Lourizán, no municipio pontevedrés onde actualmente está situado o complexo pasteiro, a pesar de que no ano 2018 debe abando-

nar esta localización. José Manuel Seoane, nunha entrevista en Radio Pontevedra-Cadena Ser, destacou a vocación da firma por "seguir estando en Galicia", porque constitúe un área excepcional de negocio.

É máis, pese ó prazo tope de 2018 para cambiar a localización da fábrica de pasta de papel na ría pontevedresa, o directivo indicou que ENCE pretende seguir no futuro coa súa actividade fabril en Pontevedra, ben "aquí cerca" ou "onde sexa". Se

A CLAVE

Especulación: a maior ameaza

Extracción de madeira, especulación, encoros, estradas, crecemento demográfico e cambio climático. Estes son, para o Colexio de Biólogos de Galicia, os principais factores que ameazan seriamente uns ecosistemas que contribúen á seguridade alimentaria, achegan auga e aire limpos, e xogan un papel esencial na protección do solo, os bosques. Estes profesionais alertan de que os montes son reservorios de vida —entre o 50 e o 90% das especies habitan nos bosques—, ademais de

ser reguladores climáticos. Funcións todas elas clave que, non obstante, non evitan que 80% dos bosques primarios xa non existan e os que quedan están ameazados.

Ante este panorama, os biólogos aproveitan a Semana Forestal para reivindicar unha revisión das políticas enerxéticas de cara a reducir o consumo de combustibles fósiles e desenvolver instrumentos de xestión que garantan a súa conservación e aplicar políticas para preservar os usos tradicionais.

Afirma que su estudio influye en otros ámbitos, como la evolución de las especies, la historia o la lingüística

Carracedo explicó la revolución que ya supone el Genoma en la Medicina

La Voz

SANTIAGO | Los avances de los últimos años han transformado ya la Medicina, pero las nuevas aplicaciones que están en proceso de desarrollo supondrán aún mayores cambios y beneficios para la salud. En este aspecto insistió Ángel Carracedo, director de la Fundación Galega Medicina Xenómica, en una conferencia que pronunció en la Facultade de Medicina para alumnado de varios centros de la USC, en un ciclo que patrocina la Dirección Xeral de Xuventude.

«Aunque la genómica —estudio del genoma, con participación de diferentes disciplinas— ha revolucionado la Genética forense y la Genética clínica, pues la mayoría de las enfermedades genéticas ya se pueden diagnosticar, su gran impacto en Medicina vendrá de la mano del hecho de que permita conocer los mecanismos más íntimos de las enfermedades, lo que permitirá clasificarlas de forma más racional y buscar tratamientos más adecuados para cada paciente.

Esto último es lo que hace la farmacogenética», afirma este especialista.

Según Carracedo «la revolución de la mano de los grandes avances en tecnología genómica ya se empieza a producir». La genómica, agrega, «también impacta en el conocimiento de la evolución de las especies, en la historia o en la lingüística, entre otros campos».

Ángel Carracedo refirió el trabajo que se realiza en la sede compostelana del Centro Español de Genotipado y en la Fundación Xenómica. Abordó la forma en que se busca un gen de cáncer o esquizofrenia; cómo se investiga el factor hereditario cuando hay antecedentes en una familia y el consejo genético que se ofrece.

Cientos de estudiantes abarrotaban la sala de la facultad y dinamizaron un largo coloquio final, en el que plantearon cuestiones relacionadas con la Ética o el Derecho, si se pueden hacer manipulaciones o patentes del genoma, o sobre el papel de las compañías de seguros.



La conferencia de Carracedo fue seguida de un interesante coloquio con alumnado de la USC | ALVARO BALLESTEROS

LAS FRASES

DIRECTOR DE LA FUNDACIÓN MEDICINA XENOMICA

«El gran impacto en Medicina vendrá al conocer los mecanismos más íntimos de las enfermedades»

«La genómica también impacta en el conocimiento de la evolución de las especies, la historia o la lingüística»

«Me ha hecho mucha ilusión que me planteasen tantas preguntas y de ámbitos tan diferentes, lo que explica la presencia de alumnado de distintos centros universitarios. Ha sido una ocasión en la que me he comunicado muy a gusto», comentaba al final Ángel Carracedo.

Nuevas prestaciones en la ciudad y reconocimiento internacional

Ángel Carracedo explica que después de Semana Santa la Fundación Galega de Medicina Xenómica estará en condiciones de empezar a realizar pruebas diagnósticas del síndrome X-Frágil. Acaba de ser designado centro de referencia, y ahora mismo ultimán la preparación de personal especializado y otros detalles para comenzar con la prestación.

Carracedo afirma que «aún no hay confirmación oficial de si va a continuar la sede del Centro Español de Genotipado en Santiago, aunque parece que se va a prorrogar al menos un año más». En principio

este mes debería conocerse la decisión, por la enorme relevancia que tiene para la investigación de genes de enfermedades. Respecto a su dedicación en el ámbito de la Genética forense, acaba de recibir una nueva muestra de reconocimiento: los próximos días se desplazará a Kosovo para participar en un caso complejo de identificación.

El ciclo sobre salud para universitarios continúa el 8 de abril, con la intervención de Felipe Casanueva, quien hablará sobre los desórdenes alimentarios. Las sesiones programadas finalizan en mayo.

Bugallo cuestiona la rentabilidad de la judicialización de la vida política por parte del PP

La Voz

SANTIAGO | El alcalde respondió ayer al anuncio del PP de que estudiará acciones judiciales por la recepción de la obra de un vial de Pardaces que no se ajusta al proyecto indicando que la oposición recurre a esa instancia por ser la única «onde conta con ter resultados». Para el regidor es «unha ridiculez pensar que vai ter rendibilidade política ou xudicial co problema que pode ter unha pista». Dijo desconocer los detalles del caso, que está analizando Raxoi, pero que si hay un error se subsanará.

El rector justifica el acuerdo sobre docencia clínica garantizando una única facultad y el título de la USC

La Voz

SANTIAGO | El rector de la Universidad de Santiago, Senén Barro, explicó ayer ante el Consejo Económico y Social local el proceso de negociación y el contexto en el que se produjo el acuerdo que recientemente suscribió con sus homólogos de A Coruña y Vigo y con los conselleiros de Educación y Sanidade para la docencia clínica en los hospitales gallegos, un acuerdo que ha generado preocupación en distintos ámbitos de la ciudad.

Según Barro, «resulta imprescindible dar unha solución permanente á formación clínica dun número crecente de estudantes de Medicina, que poderían chegar a 400 novos alumnos no

próximo curso, garantindo unha única facultade e un título exclusivo da USC», pero también contando «coa cooperación das outras universidades galegas a través dos hospitais coas que estas teñen concertos de cooperación en materias de docencia e investigación».

El rector indicó que, ante la preocupación que ha generado este acuerdo, «intensificará sus explicaciones sobre dicho documento y recogerá las sugerencias al respecto». Con la idea de «chegar ao mellor desenvolvemento do acordo para os intereses da USC e, en particular, da formación dos estudantes de Medicina e da facultade no seu conxunto».

BREVES

CONFERENCIA

Universidades emprendedoras. El ministro de Educación, Ángel Gabilondo, visitará este lunes la Universidad de Santiago en el marco de la conferencia sobre universidades emprendedoras que organiza la Presidencia Española de la Unión Europea. Visitará el Ciqus y el edificio Emprendia de Campus da y a partir de las 15 horas en el Salón Nobre do Colexio de Fonseca, la conferencia, que se celebrará el lunes y el martes.

DÍA FORESTAL

Conservación. El Colexio Oficial de Biólogos de Galicia recuerda, ante la celebración del Día Forestal Mundial, que entre el 50 y el 90% de las especies terrestres habitan en los bosques, y que el 80% de los primarios ya han sido destruidos. Los que quedan están amenazados por la extracción de madera, la conversión en otros usos, la especulación, la minería, el crecimiento demográfico o el cambio climático.

MEDIO AMBIENTE

Intendencia energética. La exposición *Un mundo de enerxía* permanecerá abierta al público en la Facultade de Ciencias da Educación hasta el próximo 5 de abril. Ideada como un espacio didáctico e interactivo sobre la energía, la muestra intenta ayudar a comprender la complejidad de los procesos e infraestructuras necesarias para encender una lámpara, por ejemplo.

Para anunciarse en La Voz de Galicia, Canal Voz y RadioVoz

Balsa publicidad
marketing & comunicación

La Voz de Galicia

Canalvoz

RadioVoz

General Pardiñas, 10 - 16. Local 11 Edificio Fenosa. SANTIAGO
T 981 942 977. M 609 509 092. antonio.balsa@comercial.lavoz.es

La manera
más eficaz
de llegar
a sus clientes

Verdegaia oponse ás actuais repoboacións, con especies foráneas e pirófitas, e á fragmentación con pistas e cortalumes, que acaban coa identidade e riqueza ambiental dos bosques

POR UN MONTE GALEGO

COMPATIBILIZAR
USOS TRADICIONAIS
COA CONSERVACIÓN,
BÁSICO PARA FIXAR
POBOACIÓN LOCAL


R. Fernández • Santiago

Galicia é potencia forestal, non só porque a súa industria achega un 3% do noso PIB, senón pola súa riqueza ambiental e paisaxística. Ademais de ser reguladores climáticos, entre o 50 e o 90% de todas as especies terrestres habitan nos bosques, segundo datos da Unión Internacional para a Conservación da Natureza. Non obstante, ese patrimonio natural do que aínda gozamos vén sufrindo nos últimos tempos unha serie de ameazas que poden acabar co monte galego. Así o advirte a asociación ecologista Verdegaia, quen co gallo da celebración do Día Forestal Mundial que se conmemora hoxe, existe melloras na política forestal galega pola súa "escasa sensibilidade e sustentabilidade".

As sucesivas repoboacións con especies foráneas e pirófitas, especialmente eucaliptos e piñeiros, leva á desaparición dos montes tradicionais de castiñeiros ou bidueiros, que pasan a converterse en grandes extensións de monocultivos que impactan gravemente na paisaxe e contribúen a estender os efectos do lume. O caso máis recente son os traballos levados a cabo nos montes protexidos do Courel, cun custo total de 3 millóns de euros ó ano, nos que ademais de facerse exclusivamente con piñeiros prescindíndose dos traballos á man propios destas actuacións para usar maquinaria pesada que, ademais de partir o territorio coa apertura de pistas, causan a erosión do solo.

Alteración dos hábitats e extinción das especies

"A substitución das especies autóctonas por foráneas supón unha grave ameaza dos ecosistemas, tanto pola perda de biodiversidade, como pola alteración das fráxiles relacións existentes entre as comunidades animais e vexetais, que podería conducir á extinción das especies máis sensibles á alteración do seu hábitat", explica Marga Rubido, responsable de Especies Invasoras de Verdegaia. De aí, a necesidade de adoptar criterios criterios sustentables na xestión das nosas masas forestais, ademais do uso exclusivo de especies autóctonas para cal-



Repoboación de piñeiros, pistas e cortalumes, unha estampa habitual nos montes do Courel

O ACTO Non ás cantieiras en Rede Natura

As asociacións ecologistas Adenco, Asemblea do Suido e a Federación de Ecologistas de Galicia (FEG) denunciaron ante o "tribunalo e a desidia" para a "denostada" ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia, ameazada por unha nova cantieira no Colo de Terra, que afecta a varios hábitats prioritarios. A explotación mineira sitúase nos límites dos concellos de Covelo, Fontelos de Montes e Mondariz, na provincia de Pontevedra.

MANIFESTACIÓN ÁS 12 HORAS EN SANTIAGO

Galiza non se vende: "Vémonos na rúa"

Os sesenta colectivos integrados na rede cidadá Galiza non se vende volverán hoxe á rúa para reclamar outro modelo económico e social. Cando se cumpre un ano do goberno de Alberto Núñez Feijóo na Xunta, a plataforma mantense fiel á súa política de "gobernar quen goberne" e, ante a profusión de lexislacións –mesmo contradic-

quera repoboación a realizar nun espazo protexido.

Maias especies foráneas, a pesar de ser un dos principais problemas do monte galego, non é o único. A fragmentación por causa de pistas e cortalumes está a ser unha realidade frecuente nos nosos bosques, provocando un alto impacto paisaxístico e visual, ademais da preocupante perda de identidade. O fomento de faixas verdes compostas por arborado autóctono ademais de diversificar o monte son, para Verdegaia, unha solución eficaz ó avance do lume en bosques pirófitos.

A extracción de madeira, a especulación, os encoros, as estradas, o crecemento demográfico ou fenómenos como o cambio climá-

co son outras das ameazas do noso monte indicados dende o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (Cobga), quen esta semana realizou un chamamento a aplicar políticas para garantir a súa conservación, preservando os usos tradicionais. Unha reivindicación esta última á que se suma Verdegaia, quen advirte de que o aumento dos bosques autóctonos a través das repoboacións son traballos que poden servir para potenciar o emprego forestal para que a poboación local se sinta identificada co seu monte co fin de diminuír as hectáreas que anualmente son pasto das lapas e lograr unha sustentabilidade forestal que permita que Galicia deixe de estar á colada superficie forestal protexida.

tirá da Alameda e desembocará na praza da Quintana, volverá poñer de manifesto as diferentes problemáticas locais de Galicia –dende a desfeita loureira e forestal no Courel, ós rrecheos nas rías, a cementación da costa, a intención de construír industrias en Rede Natura ou a aposta pola incineración de residuos. ¡Vémonos na rúa!

OS CONSELLOS

O Día da Árbore celébrase cada 21 de marzo para impulsar a protección e o cuidado dos bosques. Para aqueles que non podan realizar hoxe unha plantación, dende Adegas proponense dez ideas que contribúan á conservación dos bosques todo o ano.

1. Usa papel reciclado: o papel reciclado evita que se corten árbores, realizar monocultivos e aforrar enerxía e auga. Hoxe en día existen moitas calidades e tipos de presentación e a un prezo semellante ó papel normal.

2. Solicita unha compra verde ó teu concello ou lugar de traballo: as compras verdes amplían criterios ambientais xunto aos de adjudicar a compra (dinheiro ou servizo a un licitador).

3. Apúntate ó voluntariado forestal: dende diversas administracións, concellos, universidades, ONGs etc., estanse a realizar actividades de voluntariado forestal.

4. Merca produtos co selo FSC: a eco-etiqueta FSC que loce en algúns produtos indica que proceden dunha explotación forestal ambientalmente apropiada socialmente xusta e economicamente viable.

5. Protección máis alá do monte: se non podes celebrar hoxe o día da árbore poderas participar neste día en proxectos de recuperación de flora dunha recuperación de bosques de ribeira ou na eliminación de invasoras.

6. Fita as madeiras tropicais: moitas delas proceden da extracción ilegal, nas que ademais de arrasar con bosques enteiros expulsan as poboacións indíxenas que dende hai centos de anos ocupan esas terras.

7. Reutiliza a madeira vella: á hora de facer traballos da horta ou no xardín emprega madeiras vellas ou usadas.

8. Reivindica plantacións con árbores autóctonas: antes de organizar unha plantación pensa que especies vas plantar, onde, consigue os permisos e mira a lexislación.

9. Colabora na eliminación de especies invasoras: moitas especies aloctonas están a desprazar e invadir espazos de vexetación autóctona.

10. Faite socio de Adegas ou outra entidade ecologista.

ACTUALIDAD

As ameazas dos bosques á exame no Día Mundial Forestal



Os bosques están ameazados pola extracción de madeira, a especulación, os encoros, o crecemento demográfico e o cambio climático

M.V. **O** Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -Cobga- lembra que en 1971 os estados membros da Fao (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación) acordaron a celebración do Día Forestal Mundial cada 21 de marzo. É o primeiro día do outono no hemisferio sur e coincide co inicio da primavera no hemisferio norte, o que lle confire un carácter simultáneo en todo o mundo.

Esta proposta da Fao destaca que todos os tipos de bosques proporcionamos bens e servizos esenciais, tanto sociais como económicos e ambientais. Ademais, contribúen á seguridade alimentaria, aportan auga e aire limpos, e xogan un papel esencial na protección do solo. Nesta liña, dende o Colexio de Biólogos manifestan que o seu correcto manexo é fundamental para lograr un desenvolvemento sostible.

Coincidindo co Ano Internacional da Biodiversidade, os biólogos queren destacar a función dos bosques como reservorios de vida, posto que entre o 50 e o 90% de todas as especies terrestres habitan nos bosques, segundo datos da Unión Internacional para a Conservación da Natureza. Por outro lado, son reguladores climáticos, xa que, segundo o Observatorio Mundial de Bosques, só a fronteira forestal (é dicir, os bosques primarios que aínda quedan) almacena 433.000 millóns de toneladas de carbono, cifra equivalente ás emisións de dióxido de carbono derivadas da queima de combusti-



bles fósiles e á produción de cemento durante os vindeiros 70 anos. Neste mesmo sentido, ao redor da metade do carbono do mundo atópase nos bosques boreais e máis dunha terceira parte en selvas tropicais.

Dende o Colexio de Biólogos de Galicia resaltan que un 80% dos bosques primarios teñen sido destruídos en todo o mundo. Os que quedan están ameazados pola extracción de madeira, pola

súa conversión a outros usos (como a agricultura, os cultivos enerxéticos e a gandaría), a especulación, a mineiría, os grandes encoros, as estradas e as pistas forestais, o crecemento demográfico e o cambio climático. Neste sentido, os expertos sinalan que cómpre ter en conta que a deforestación ocasiona un 20% das emisións de carbono a escala mundial.

A contaminación atmosférica, sobre todo as chuvias

OS BOSQUES SON RESERVORIOS DE VIDA, XA QUE ENTRE O 50 E O 90% DE TODAS AS ESPECIES TERRESTRES HABITAN NELES

ácidas, tamén afecta aos bosques, de xeito máis particular en Europa. Así, máis da cuarta parte das árbores europeas mostra un grao entre moderado e severo de defoliación a causa da exposición á contaminación e ás súas consecuencias. Nos últimos anos esta situación ten mellorado de xeito notable en Europa e EE.UU., mentres que noutros países como China empeorou a causa do incremento do consumo de


carbón, e, dadas as perspectivas de crecemento, o problema podería agravarse, polo que o Colexio de Biólogos considera que se require unha revisión das políticas enerxéticas.

Por outro lado, os incendios forestais afectan na Unión Europea a unhas 500.000 hectareas cada ano. Estes datos refírense a unha superficie media das tres últimas décadas, que nos últimos anos presenta unha tendencia a incrementarse, en particular nos países mediterráneos, o que previuca tamén a Galicia. "As consecuencias ecolóxicas e económicas desta situación afectan tamén ao desenvolvemento rural" -manifestan os biólogos-.

XESTIÓN

Dende o Cobga resaltan que "debemos asegurar que os nosos bosques sigan a proporcionar os bens e servizos esenciais, garantindo o seu mantemento e conservación. Para isto faise necesario o desenvolvemento dos compromisos adquiridos cando se declara algún dos nosos espazos e dos seus habitats como protexidos, asegurando así a súa efectiva conservación"

Como consecuencia da aplicación da "Directiva Habitats", tanto España no seu conxunto como Galicia en particular teñen incrementado de maneira considerable nos últimos anos os seus espazos protexidos, moitos dos cales albergan habitats forestais que son de interese de cara á súa conservación. En relación a isto, o Cobga demanda das Administracións o desenvolvemento dos instrumentos de xestión que garantan o seu mantemento nun estado favorable.

CONCESIONARIO OFICIAL MARTINEZ S.L.  **JOHN DEERE** **OFERTA LANZAMIENTO Modelo 3036E**

VENTAJOSAS CONDICIONES DE FINANCIACIÓN

La gama más completa para viñado con tractores desde 20 CV hasta 100 CV **Precio Promoción 12.300 €****

** I.V.A. no incluído, validez hasta 15/04/2010, John Deere se reserva el derecho de modificar el precio sin notificación previa

